

Queridas/os nais e pais:

Desde o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística queremos informalas/os do **proxecto cultural de divulgación e valorización da figura do Apalpador** que estamos a desenvolver para que poidan, desde as casas, acompañar as crianzas neste bonito camiño de aprendizaxe en valores.

Quen é o Apalpador?

O **Apalpador** é un **xigante carboeiro que mora nas montañas do Courel** durante todo o ano e que vai ás aldeas, vilas e cidades nos días **24 ou 31 de Decembro**, á noite, para apalparlles as barriguiñas ás crianzas e comprobar se comeron ben ao longo do ano. Chega á noite, caladiño, apálpalles o ventre e, se estiveren cheas, murmúralles coidadoso aos ouvidos: "así esteas o ano todo". Se, pola contra, comproba que teñen a barriguiña baleira, torce o bico, déixalles una presada de castañas e vaise preocupado. **Este solsticio de inverno, por fortuna, o Apalpador torna a visitar todas as casas de todas as nenas e nenos onde é chamado.**

O Apalpador e a educación en valores

O **Apalpador non é amigo dos centros comerciais, nin de multinacionais e prefire os presentes feitos a man**, con **materiais reciclados** ou adquiridos no **comercio local de Boqueixón**. O noso pandigueiro non gosta do consumo masivo de produtos importados de países onde son explotadas e empobrecidas mulleres e crianzas en beneficio de grandes empresas.

Valorar o Apalpador: agarimar a nosa lingua

Máis unha vez, desde o noso equipo animámosvos a que **empreguedes coas vosas fillas e fillos o galego diariamente**, xa que **é a mellor maneira de que verdadeiramente poidan chegar a ser bilingües competentes no futuro**, nun contexto no que o galego está discriminado en numerosos ámbitos (económico, publicitario, educativo, etc.). Esta é unha grande oportunidade para **vincular o amor pola lingua galega ao cariño que sentimos polo apalpador**, un bo home que nos dá aloumiños en galego con estes versos:

*Vaite logo meu ninín / miña neniña,
marcha agora pra a camiña,
que vai vir o Apalpador
a apalparche a barriguiña.
Mañá é día de cachela
que haberá gran nevarada
e vai vir o Apalpador
cunha mega de castañas.
Por aquela cemba
xa ven relumbrando
o señor Apalpador
para darvos o aguinaldo.*



Como podo acompañar á miña filla/o no coñecemento desta personaxe?

- **Lendo os contos do apalpador en familia**, dispoñíbeis nas bibliotecas e librarías.
- **Cantando as cancións do apalpador**, creadas por grandes artistas galegas (accesíbeis no Youtube).
- **Recibindo ao apalpador**, acudindo á Ruada do Apalpador da sexta-feira (venres) 21 de decembro que sae ás 18 horas do centro social A Gentalha do Pichel (rua Santa Clara, 21) e remata na praza do Pan.
- **Acudindo á representación de balde de títeres: "A xanela do Maxín"** nos centros cívicos de Santiago.